

ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO CELEBRADA O DÍA 10.06.2017

Nas dependencias do “Oca Puerta del Camino” de Santiago de Compostela, reúnese a Asemblea Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto, o día 10 de xuño de 2017, baixo a presidencia de D.Francisco Martín Micó e actuando como Secretaria a que é da mesma D^a Susana Fernández Fiuza. Asisten os membros que se relacionan ao final da presente. Dá comezo en segunda convocatoria coa orde do día que se indica:

1. Reconto dos membros asistentes
2. Aprobación da acta da sesión anterior.
3. Informe do presidente
4. Modificación dos Estatutos e Regulamentos Xeral e Disciplinario da FGB para a tempada 2017/18, aprobadas por la Comisión Delegada.
5. Aprobación Normas para Competicións Oficias da FGB para a tempada 2017/18, aprobadas polo Comisión Delegada.
6. Contas anuais e liquidación do Orzamento do Exercicio 2016.
7. Orzamento de Exercicio 2017.
8. Ratificación dos Comités de Competición e Apelación.
9. Rogos e Preguntas.

Abre a sesión o Presidente na segunda convocatoria dando por constituída a Asemblea sendo as 16,30 horas. Agradece a todos os presentes a súa presenza e pásase ao primeiro punto da orde do día.

1. Reconto dos membros asistentes:

A Secretaria toma a palabra e dá conta dos asembleístas que están presentes na Asemblea: un total de 20 asembleístas, e informa que segundo os artigos 59 e seguintes queda constituída a Asemblea en segunda convocatoria.

2. Aprobación da acta da sesión anterior:

A Secretaria informa aos asistentes que o acta está aprobada o non haber ningunha impugnación a mesma nos 30 días seguintes a súa remisión, tal e como recolle o Artº 63 dos Estatutos da FGB.

3. Informe do presidente:

O Presidente dirixese aos presentes e indica será breve e logo os diferentes responsables de áreas o farán máis en profundidade.

Primeiro quere deixar constancia da pouca convocatoria que temos na asemblea é desalentador.

Concluimos a temporada 2016 – 2017. Pechamos un gran ano de baloncesto federado para Galicia, unha etapa na que seguimos a crecer coa mente sempre posta nos obxectivos marcados.

Iniciábase este ciclo coa proposta en firme de incrementar a intercomunicación entre todos os activos do noso deporte, e penso que neste 2017 vimos de dar un gran paso adiante. Centramos os esforzos en propiciar o mellor clima de diálogo posible entre o ente federativo e os clubs galegos.

A Figura dos Responsables FGB de Relacións cos clubs foi fundamental neste proceso. A través deles estivemos con e para os clubs. As visitas, coloquios e intercambios de ideas, opinións e críticas realizadas, pensamos que nos permitiron entendernos e camiñar da man, situación que agradezo dende aquí, tanto aos Responsables federativos como a os clubs.

Esta boa predisposición favoreceu a posta en marcha de moitas iniciativas e foi o xerme de renovadas ideas das que sempre tomar nota.

Area Deportiva

Este 2017 tivemos a honra de celebrar un novo aniversario baloncestístico. A Copa Galicia Sénior Feminina cumpriu 30 anos dende a súa primeira edición, e nós quixemos agasallala. Conmemoramos o crecemento do baloncesto feminino na nosa Comunidade e lembramos a capacidade de superación que, década tras década, segue a amosar.

Xa no curso das competicións oficiais, neste 2017 podemos estar satisfeitos coa aceptación dos novos formatos postos en marcha, destacando o “Babybasket”, cuxo comezo foi ilusionante e cheo de forza. Así mesmo, os cambios positivos dende a base do noso baloncesto, pilar fundamental, camiñaron cara adiante coa ampliación da liga infantil.

Neste punto, de novo deténdome no Baloncesto Base, non quero deixar de sinalar a festa que supuxo para o baloncesto de formación a celebración do Campionato de España Júnior Feminino na Mariña Lucense.

Galicia e o seu baloncesto foron quen de amosar de novo que, con capacidade de traballo, o éxito organizativo agarda sempre, e que dende lugares máis pequenos poden facerse cousas moi grandes. Este éxito, recoñecido tamén pola FEB, échenos de orgullo e de confianza.

Igualmente, queremos amosar o noso convencemento de que repetiremos fortuna a partir deste mesmo domingo, 11 de xuño; cos Campionatos Infantís de clubs masculino e feminino a celebrar en Cambados e Vilanova de Arousa, así como en Marín, respectivamente

Area Arbitral

A temporada 2016 - 2017 no que ao apartado arbitral compete, supuxo a consolidación da Escola Galega de Árbitros (ESGAR) como a plataforma óptima para o impulso dos colexiados máis novos.

A posta en marcha, pola súa banda, de Cursos de iniciación tanto “on line”, como cursos “express”, estes últimos grazas a acordos cos clubs galegos, supuxo un paso máis para incrementar a base do colectivo.

Area Adestradores

O punto forte do noso departamento de Adestradores segue a ser a “formación”, referencia dentro e fóra da nosa Comunidade. Múltiples actividades e propostas para todos os niveis protagonizaron o calendario didáctico do técnicos galegos, destacando entre elas a posta en marcha da “Plataforma de Formación on - line FGB”, ferramenta de alto potencial.

Area Xeral-Administración

O papel crucial da xestión deportiva e administrativa segue a ser fundamental para nós. Nesta temporada 2016 - 2017 mantivemos diferentes contactos que cristalizarán agora nun proxecto definitivo polo que estableceremos unha renovada solución informática para o día a día do traballo FGB.

No proceder inmediato está o facilitar a rutina diaria de todos os actores implicados nas nosas competicións e proxectos, así como camiñar cara novos soportes que se adapten de cheo á nova era dixital.

GRATITUDE

Cada remate de temporada faise indispensable recoñecer e agradecer o apoio e colaboración de institucións e sponsors. O Baloncesto galego tense gañado un oco no día da día da sociedade galega, e eles saben recoñecelo e dar a importancia precisa aos valores que promove.

Capítulo aparte, por suposto, merecen tamén os nosos clubs, sen distinción de categoría competitiva ou denominación xeográfica. Sen o traballo de todos eles, estar aquí defendendo e representando o noso deporte sería imposible.

Finalmente, e como sempre me gusta facer, trasladar tamén o meu máximo recoñecemento ao equipo de traballadores e persoal FGB. Unha temporada máis, incansables na súa profesionalidade e na continua defensa do noso baloncesto.

Informe Area Deportiva

Carlos Colinas toma a palabra e fará un reflexo do que houbo nesta temporada.

As competencias da área deportiva son:

- 1.- Preocupación da tecnificación dos xogadores/as dende os CETIS (entendendo que o traballo diario depende dos clubs).
- 2.- As seleccións autonómicas: participación nos campionatos cadete, infantil e Minibasket.
- 3.- Area adestradores: preparación cursos, formación continua, profesorados etc.

Tamén informa sobre o seguinte:

- Realización de Cetis zonales de categoría Minibasket, Infantil e cetis de promoción.
- Realización de Cetis de Tecnificación autonómicos de categorías Infantil, Minibasket, e Cadete.
- Realización do All Star categoría Pre-Infantil en Marzo.
- Xornadas de Mellora Técnica de Xogadores/as en Tui. Para nenos/as 2003-2007.
- Preparación das seleccións autonómicas Cadete, Infantil e Minibasket, cun total de 68 xornadas de traballo e 12 adestradores.
- Interacción ca Area de Saúde: recoñecementos médicos a tódolos integrantes das seleccións galegas. Presencia de Fisioterapeutas nos adestramentos.
- Convenio inter-federacións para torneos preparatorios dos Campionatos de España de Seleccións con País Vasco, Castilla-León e Madrid.
- Os resultados das seleccións.
- Cursos de adestradores: 6 de iniciación con 150 alumnos, e os de Nivel I e II cun total de 185 alumnos.
- Formación continua para adestradores: "Aula formativa do adestrador", cun total de 8 charlas técnicas.
- Realización de unha edicións do Claustro Docente FGB en Porriño
- Pequebasquet de Carballo.
- Colaboración con entidades e clubs para o apoio das iniciativas de formación de adestradores.
- Talleres específicos de Minibasket para adestradores en Santiago.
- Xornada de Harmonización
- Xuntanza Minibasket e Preminibasket.
- Jamboree de Minibasket de Clubs.

Informe Comité Arbitros

Miguel Angel Pérez, toma la palabra e fai un pequeno resumo das actividades do comité de Arbitros que os asistentes poden ver na Memoria de Actividades da FGB que se pode ver na Web da Federación. Asímesmo informa dos seguintes puntos:

- Os árbitros galegos que asistiron as Fases Finais dos Campionatos de España .
- Clínicas Autonómicas: Setembro e Decembro.
- Xornadas Técnicas Formativas.
- Formación continúa.
- Cursos de Formación On Line: participantes
- ESGAR: co remate da actividade na Fase Final Mini e Premini na Estrada.
- Participación dos árbitros galegos a nivel internacional.
- Campaña de captación de árbitros e oficiais novos.
- Problemática da dispoñibilidade dos árbitros e oficiais de mesa.

Informe Sinistralidade Seguro.

Toma a palabra a Secretaria Xeral e informa os asistentes sobre a preocupación pola subida da sinistralidade. Falaremos cos datos da temporada 15-16 que xa está casi totalmente pechada en canto a sinistros.

Na temporada en cuestión tivemos 648 sinistros o que representa un coste medio por sinistro de 438,00 €. O 37% do gasto que ten a compañía aseguradora son de sinistros de máis de 3.000€, e se concentran en poucos clubs. En varios casos o número de licenzas/gasto sinistro é alarmante. Tamén estamos vendo a picardía de algúns asegurados/as.

Con respecto a esta temporada e a data 30/01/16 as categorías que máis sinistralidade teñen son a Junior e a 3ª división.

Informa tamén de que os datos por clube pódense solicitar por mail e se dará o gasto por sinistro.

Tamén informa que cos datos desta temporada 16-17 a data de 01/05/17 xa levamos 783 sinistros polo que temos un ratio/frecuencia dun 15,60%. Ante estos datos a compañía de seguros propón unha subida dun 6% da cuota.

O Presidente toma a palabra e informa de que como a Federación ten un resultado económico positivo a mesma faráse cargo aproximadamente dun 5% da subida das cotas do Seguro Deportivo, repercutindo só os clubs entre un 1 e un 2%.

4. Modificacións dos Estatutos e Regulamentos Xeral e Disciplinario da FGB para a tempada 2017/18, aprobados pola Comisión Delegada.

A Secretaria indica aos asistentes que no seu día, conxuntamente coa convocatoria de esta asemblea, se lles enviaron as emendas propostas:

Estatutos:

- Artº 31 presenta a enmenda D. Francisco Martín Micó está asumida pola Comisión Delegada.
Aprobada por unanimidade

Regulamento Xeral da FGB

- Artº 52 presenta a enmenda D. Francisco Martín Micó está asumida pola Comisión Delegada.
Aprobada por unanimidade
- Artº 66 presenta a enmenda D. Francisco Martín Micó está asumida pola Comisión Delegada.
Aprobada por unanimidade

Regulamento Disciplinario da FGB

- Artº 43 presenta a enmenda D. Francisco Martín Micó está asumida pola Comisión Delegada.
Aprobada por unanimidade
- Artº 44 presenta a enmenda D. Francisco Martín Micó está asumida pola Comisión Delegada.
Aprobada por unanimidade
- Artº 45 presenta a enmenda D. Francisco Martín Micó está asumida pola Comisión Delegada.
Aprobada por unanimidade

5.- Aprobación Normas para Competicións Oficiais da FGB para a tempada 2017 - 2018 , aprobadas pola Comisión Delegada.

A secretaria informa que das emendas presentadas

- Artº 3 presenta a enmenda D. Aniceto Fernández Fernández e non está asumida pola Comisión Delegada. Procédese o seu debate e pásase a votación:
Votos a favor: 3 Votos en contra: 6 Abstencións: 19
Queda rexeitada a enmenda.
- Artº 12 e 14 presenta a enmenda D. Aniceto Fernández Fernández que retira as mesmas.
- Art 6. e 6.6. presentan as enmendas D. Miguel A. Fernández Rodríguez e D. José Montero García, están asumidas pola Comisión Delegada e se informa que se chegou a un acordo para a disputa da 1ª Div.Feminina xunto coas Federación de Castilla-León e Asturias.
Apróbase por unanimidade.
- Art 8.7/10.7/12.7/14.7/16.7/18/7. presentan as enmendas D. Miguel A. Fernández Rodríguez e D. José Montero García, están asumidas pola Comisión Delegada sempre que os horarios de xogo sexan o sábado pola tarde o primeiro día. Así se acorda e procédese a votación da mesma:
Votos a favor: 19 Votos en contra: 1 Abstencións: 0
Queda aprobada a enmenda.
- Artº 12.8/14.8., presentan as enmendas D. Miguel A. Fernández Rodríguez e D. José Montero García, non están asumidas pola Comisión Delegada.
Procédese o seu debate e pásase a votación:
Votos a favor: 7 Votos en contra: 8 Abstencións: 5
Queda rexeitada a enmenda.
- Artº 12.13/14.13/16.13/18.13. . presentan as enmendas D. Miguel A. Fernández Rodríguez e D. José Montero García, están asumidas pola Comisión Delegada.
Apróbase por unanimidade.
- Artº 13.5/15.5/17.5/19.5 presenta a enmenda D. Aniceto Fernández Fernández. Retira a mesma.
- Artº 13.5/15.5/17.5/19.5 presentan as enmendas D. Miguel A. Fernández Rodríguez e D. José Montero García, non están asumidas pola Comisión Delegada. Procédese o seu debate e pásase a votación da mesma
Votos a favor: 7 Votos en contra: 8 Abstencións: 5
Queda rexeitada a enmenda.

- Artº 12.8/14.8/16.8/18.8 presenta a enmenda D. Aniceto Fernández Fernández que retira a mesma.
- Artº 24.6-Segunda Fase presenta a enmenda D. Aniceto Fernández Fernández. Procédese o seu debate e pásase a votación:
Votos a favor: 3 Votos en contra: 8 Abstencións: 95
Queda rexeitada a enmenda.
- Artº 24.-Regras de Xogo presenta a enmenda D. Aniceto Fernández Fernández. Procédese o seu debate e pásase a votación:
Votos a favor: 6 Votos en contra: 7 Abstencións: 7
Queda rexeitada a enmenda.

7.- Contas anuais e liquidación do orzamento de exercicio 2016

Antes do comezo da exposición e explicación das contas do exercicio 2016 por parte o Tesoureiro indica aos asistentes que as contas do exercicio indicado están Auditadas, e informa que se lle remitiu a tódolos assembleístas o informe do mesmo así como as contas anuais.

Seguidamente o Tesoureiro explica aos asistentes as contas, así como a liquidación de exercicio 2016. Fai un percorrido por todas as partidas que compoñen este capítulo, do que todos os assembleístas teñen coñecemento e que se lles enviou xunto a convocatoria da asemblea.

Non existen emendas ás contas indicadas polo que se dan por aprobadas tal e como indica o artigo 192 do Regulamento Xeral da FGB.

Quedan aprobadas as contas do exercicio 2016.

8.- Orzamento de Exercicio 2017.

O Tesoureiro explica aos existentes que o Orzamento do 2017 xa foi aprobado na Asemblea Extraordinaria de decembro do 2016, para dar cumprimento a Lei do Deporte de Galicia.

9.- Ratificación dos Comités de Competición e Apelación .

O Presidente informa aos asistentes que para a tempada 2017/2018 ratifica nos seus cargos aos responsables actuais dos Comités Xurisdicionais da Federación: D. Juan Rey Couselo no Comité de Competición e Dona. Mercedes Salmonte Couso no Comité de Apelación.

Apróbase por unanimidade os nomeamentos dos Comités de Competición e Apelación.

9. Rogos e Preguntas.

A secretaria informa do sistema a seguir para este punto de rogos e preguntas no que se fará dos roldas de preguntas.

Tamén informa que a entrada da asemblea se lles entregou un pen no que está a seguinte documentación: Memoria de Actividades, informe de auditoría e contas anuais; orzamento; modificacións o Regulamento Xeral e Disciplinario; enmendas; proxecto de bases de competición 2017-18.

Iníciase a primeira rolda:

D. Ricardo López Rodríguez fai un rogo para que se fale co seguro deportivo xa que cree que hai unha mala comunicación entre a compañía Allianz e o paciente, xa que remiten a información cun número de expediente o teléfono do clube pero si hai varios expedientes non se sabe a quen corresponde.

D. José Luis Renda Bellet suxire que se vexa a posibilidade de xuntarse con outras Federacións de Baloncesto para que o custo do seguro sexa máis baixo. O presidente infórmalle das xestións que se están facendo dende a UFEDEGA.

D^a Beatriz Piñeiro Ramos fai un rogo: Que se trate coa diputación de A Coruña a disputa da copa Diputación de Baloncesto. A este rogo adhírese D. Miguel García –Sotomayor.

Tamén infórmase por parte da Secretaria Xeral e do Presidente da implantación dun novo programa informático de xestión deportiva, que mellorará o traballo de todos. Este programa permitirá (a partir de xaneiro) que os clubes vexan a súa conta en tempo real. Tamén procederá a domiciliar os pagos dos prorrates arbitrables. Nesta temporada comezaremos coas probas da Acta dixital, que esperamos esté implementada xa de forma total na temporada seguinte.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto sendo ás 18.25 hrs. do día da data, da que eu como Secretaria dou fe.

Relación de Asistentes

A.D. Cortegada (Ricardo López Rodríguez)
E.D.M. Estradense (José L. Renda Bellet)
C.B. Setentas (Alberte Zato y Gómez de Liaño)
C.B. Defensores do Morrazo (José Luis Pérez Pérez)
Obradoiro CAB (Miguel A. Fernández Rodríguez)
C.B. Artai (Jorge López Mosquera)
C.B. Allariz (Aniceto Fernández Fernández)
C.B. Cluny (José M. Castelao Figueiras)
C.B. San Pelayo (Jesusa Archa Pichel)
C.B. Basquet Coruña (Miguel Garcia Feijoo de Soutomaior)
C.B. Cambre (Javier Prieto Souto)
C.B. Universitario Ferrol (Beatriz Piñeiro Ramos)
C.B. Arxil (Lino Vázquez Sánchez)
FE.DE.SA (José Montero García)

Francisco Guillamet Noya (Arbitros)
David Guillán Riveiro (Arbitros)
Jorge Blanco Fernández (Arbitros)
José A. Vázquez Vázquez (Xogador)
Carlos Colinas Morán (Adestradores)
Francisco Martín Micó (Presidente)

Relación de Invitados

Francisco García Sánchez. Presidente Honra FGB
C.B. Fontiñas (José M^a Dios Diz)